



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Lingua e comunicación oral e escrita: español

|                       |   |        |       |              |
|-----------------------|---|--------|-------|--------------|
| Materia               | Lingua e comunicación oral e escrita: español   |        |       |              |
| Código                | V01G400V01302   |        |       |              |
| Titulación            | Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios   |        |       |              |
| Descritores           | Creditos ECTS   | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
|                       | 9   | OB     | 2     | 1c           |
| Lingua de impartición | Castelán  |        |       |              |
| Departamento          | Lingua española   |        |       |              |
| Coordinador/a         | Pérez Rodríguez, María Rosa   |        |       |              |
| Profesorado           | Pérez Rodríguez, María Rosa   |        |       |              |
| Correo-e              | rosa@uvigo.es   |        |       |              |
| Web                   |   |        |       |              |
| Descrición xeral      | A materia revisa e reforza os coñecementos de lingua española que ten o alumnado. Ademais, a materia incide na aplicación práctica da norma académica adaptada á construción de discursos orais e escritos de carácter formal en contextos *comunicativos diversos. |        |       |              |

## Competencias

|        |   |
|--------|---|
| Código |   |
| A1     | Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.  |
| A2     | Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| A4     | Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.  |
| A5     | Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.  |
| B1     | Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.  |
| B9     | Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.   |
| C1     | Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.  |
| C2     | Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.   |
| C20    | Coñecemento teórico e práctico dos dicionarios do español/galego/portugués nos seus diferentes formatos.  |
| D2     | Comunicación oral e escrita na lingua materna.  |
| D10    | Capacidade de análise e síntese.  |
| D11    | Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.  |

## Resultados de aprendizaxe

|   |                                       |    |     |     |
|---|---------------------------------------|----|-----|-----|
| Resultados previstos na materia   | Resultados de Formación e Aprendizaxe |    |     |     |
| Consolidación de aspectos teóricos e prácticos avanzados do español oral e escrito nos distintos niveis lingüísticos (léxico-semántico, morfosintáctico, fónico e ortográfico) e discursivos. | A1                                    | B1 | C1  | D2  |
|   | A2                                    | B9 | C2  | D10 |
|   | A4                                    |    | C20 | D11 |
|   | A5                                    |    |     |     |

## Contidos

|      |
|------|
| Tema |
|------|

|                                     |  |
|-------------------------------------|--|
| 1. Norma e uso da lingua española.  | 1.1. Norma e uso.<br>1.2. A norma académica e o concepto de estándar culto en español. A política lingüística panhispánica da RAE<br>1.3. Orto(tipo)grafía, ortofonía e ortoloxía. |
| 2. A norma académica e o léxico     | 2.1. Corrección no léxico: neoloxismos, préstamos, cultismos; erros habituais.<br>2.2 Materiais de consulta: dicionarios, gramáticas, manuais de estilo.                           |
| 3. Organización e creación textual. | 3.1. Tipos de textos: xornalísticos, publicitarios, científicos, administrativos.<br>3.2. Organización e redacción de textos. Coherencia, cohesión, adecuación.                    |
| 4. A comunicación oral en español.  | 4.1. O discurso oral formal.<br>4.2. Corrección e precisión lingüística.<br>4.3. A comunicación non verbal.  |

### Planificación

|  | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|--|---------------|--------------------|--------------|
| Actividades introdutorias                    | 2             | 0                  | 2            |
| Sesión maxistral                             | 22            | 44                 | 66           |
| Resolución de problemas e/ou exercicios      | 40            | 81                 | 121          |
| Presentacións/exposicións                    | 4             | 12                 | 16           |
| Traballos tutelados                          | 2             | 10                 | 12           |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | 1             | 3                  | 4            |
| Probas de resposta curta                     | 1             | 3                  | 4            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

|   | Descrición  |
|---|---|
| Actividades introdutorias               | Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. Recoméndase vivamente ao alumnado de réxime semipresencial a asistencia a esta sesión de actividades na que se proporcionará información sobre o desenvolvemento e planificación do curso.  |
| Sesión maxistral                        | Exposición por parte do profesor de contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que o estudante ten que desenvolver. O alumnado de réxime semipresencial terá acceso aos materiais necesarios a través da plataforma de teledocencia.   |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións apropiadas ou correctas mediante a aplicación de diferentes rutinas ou procedementos. O alumnado de réxime semipresencial poderá acceder aos exercicios que se traballaron nas clases prácticas a través da plataforma de teledocencia; poderá entregalos para a súa corrección e comentario, cando cumpra, a través dos medios dispostos (plataforma, correo e, etc.) nos prazos que se determinen. |
| Presentacións/exposicións               | Exposición por parte do alumnado ante o docente e un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto...  |
| Traballos tutelados                     | O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc.  |

### Atención personalizada

| Metodoloxías                            | Descrición   |
|---|--|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiarao na resolución das actividades e exercicios que se propoñan. |
| Presentacións/exposicións               | A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiarao na preparación das presentacións ou exposicións orais.      |
| Traballos tutelados                     | A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiarao na preparación dos traballos tutelados.                     |

### Avaliación

| Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|------------|---------------|---------------------------------------|
|            |               |                                       |

|  |   |    |                |    |                 |                  |
|--|---|----|----------------|----|-----------------|------------------|
| Resolución de problemas e/ou exercicios-Exame: exercicios, actividades ou problemas (20%). | -Entrega de tres exercicios prácticos breves ao longo do cuadrimestre. (10%)            | 30 | A1<br>A2       | B1 | C1<br>C2<br>C20 | D2<br>D10        |
| Presentacións/exposicións  | Presentación oral dun traballo individual cuxo tema se acordará previamente coa docente | 30 | A4<br>A5       |    | C1              | D2               |
| Traballos tutelados  | Presentación dun traballo escrito sobre un tema relacionado coa materia.                | 20 | A1<br>A4<br>A5 | B9 | C1<br>C20       | D2<br>D10<br>D11 |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento   | Exame: pregunta(s) aberta(s) sobre un tema do programa                                  | 10 | A2<br>A5       | B1 | C2              | D10              |
| Probas de resposta curta   | Exame: preguntas breves sobre aspectos concretos do programa                            | 10 | A2<br>A5       | B1 | C2              | D10              |

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Todas as alumnas e alumnos, tanto de réxime presencial como semipresencial, serán avaliados co mesmo sistema, que require a entrega de tres exercicios breves (10%) e un traballo escrito (20%), unha presentación oral (30%) e un exame (40%). Non se esixe asistencia a clase, aínda que se recomenda a todo o alumnado, presencial e semipresencial, que asista na medida das súas posibilidades.

A entrega do traballo tutelado programárase para a segunda semana de novembro (7-11).As presentacións orais terán lugar na semana do 28 de novembro ao 2 de decembro.

As partes da avaliación definidas como "Exame: preguntas abertas", "exame: preguntas breves" e "exame: exercicios, actividades e problemas" concentraranse nunha proba que terá un peso conxunto do 40% da cualificación final. Este exame terá lugar na data prevista no calendario oficial de exames da Facultade.

Quen atope dificultade para respectar os prazos de entrega dos exercicios deberá contactar coa docente, que terá en consideración as circunstancias en cada caso e decidirá se procede facer algunha excepción. No caso do alumnado semipresencial, haberá flexibilidade na fixación da data para as presentacións orais.

As alumnas e alumnos, tanto de réxime presencial como semipresencial, que non alcancen o aprobado na primeira oportunidade poderán presentarse en xullo, na data oficial correspondente, nas mesmas condicións que as que rexen para xaneiro. Isto implica que, ademais de facer o exame, terán que facer entrega do traballo tutelado e os exercicios prácticos breves e realizar unha presentación oral. O alumnado que se atope no caso de ter aprobada algunha proba poderá conservar as cualificacións desa parte ou partes, previo acordo coa profesora, na oportunidade de xullo.

Non se poderá obter a cualificación de aprobado se non se alcanza un mínimo de 3 puntos (sobre 10) en cada unha das partes que se indican a continuación: exame (no seu conxunto), presentación oral e traballo tutelado escrito.

Tanto nos exames como no resto dos exercicios e probas propostos penalizaranse os erros de expresión (ortografía, puntuación, incoherencias sintácticas, uso inadecuado do léxico, etc.). No caso de que se detecte copia ou plaxio nalgunha proba, esta non se puntuará.

O alumnado erasmus interesado en cursar a materia deberá ter presente que resulta altamente recomendable ter un nivel de lingua española igual ou superior a C1.

### Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía básica

- Cassany, Daniel, *La cocina de la escritura*, Barcelona, Anagrama, 1995.
- Martínez de Sousa, José, *Ortografía y ortotipografía del español actual*, Gijón, Trea, 2014.
- Fernández Romero, Jose Antonio, *Manual guía atípico y sinóptico para la corrección de textos (ortografía y morfosintaxis)*, Universidade de Vigo, 2012.
- Montolío, Estrella (coord), *Manual práctico de escritura académica*, Ariel, Barcelona, 2000.
- Real Academia Española, *Ortografía de la lengua española*, Madrid, Espasa, 2010.
- Real Academia Española, *Diccionario panhispánico de dudas*, Madrid, Santillana, 2005.

- Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española, *Nueva gramática de la lengua española*, Madrid, Espasa, 2009.

Bibliografía complementaria

Se indicará en clase la bibliografía complementaria y específica para cada tema.

---

## **Recomendacións**

---

### **Outros comentarios**

O alumnado debe responsabilizarse de consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC, onde a docente irá pondo á súa disposición os temas e exercicios que se vaian traballando en clase.

O alumnado semipresencial debe asistir á primeira sesión de clase; recoméndase que asista tamén e as sesións de titorías colectivas que a coordinación do grao planificará unha vez ao mes. En todo caso, o alumnado debe manterse en contacto coa docente a través dos medios dispoñibles (fundamentalmente, correo electrónico e asistencia a titorías individuais).

O alumnado erasmus interesado en cursar a materia deberá ter presente que resulta altamente recomendable ter un nivel de lingua española igual ou superior a C1.

---